

PROXECTO ADDENDA ao Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, adaptado a Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modifica a disposición adicional sétima desta Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e declara a extinguir o corpo de profesores técnicos de formación profesional.

Posteriormente, a Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, no artigo 85 crea o corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional; na disposición adicional quinta, establece as especialidades do corpo para extinguir de profesores técnicos de formación profesional que se integran no corpo de profesores de ensino secundario, e as especialidades do dito corpo para extinguir que pasan a formar parte da atribución docente do novo corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional.

Na mesma Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, dáse unha nova redacción á disposición adicional décimo primeira da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, integrando no corpo de profesores de ensino secundario ao profesorado do corpo para extinguir de profesores técnicos de formación profesional que á entrada en vigor da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, ou no prazo que se establece no apartado segundo da mesma disposición, posúa a titulación de Grao universitario, Licenciado ou Licenciada, Enxeñeiro ou Enxeñeira e Arquitecto ou Arquitecta, ou equivalente para os efectos de docencia das especialidades do corpo de profesores de ensino secundario.

Así mesmo, o Real decreto 800/2022, do 4 de outubro, regula a integración do profesorado do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional no corpo de profesores de ensino secundario, e modifica diversos reais decretos relativos ao profesorado de ensinanzas non universitarias e constitúe o marco común básico normativo da regulación do procedemento para a integración do profesorado de corpo de profesores técnicos de formación profesional, para extinguir, no corpo de profesores de ensino secundario a desenvolver polas diferentes administracións educativas competentes.

Como consecuencia da normativa mencionada, conséntase a necesidade de incluír no acordo do 20 de xuño de 1995, as seguintes precisións que xurden do novo marco normativo descrito:

1. Que a partir do 1 de setembro de 2023, as prazas das especialidades correspondentes ao corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, se ofertarán no corpo no que se integra cada unha das especialidades.
2. Que o persoal que forma parte das listas de interinidades e substitucións das especialidades do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, se integra pola mesma orde, nas listas da súa especialidade, no corpo de profesores de ensino secundario ou no corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional, segundo corresponda.
3. Que a cobertura das prazas do corpo de profesores de ensino secundario, dunha das 19 especialidades procedentes do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional poderán concorrer:
 - Persoal docente, funcionario de carreira, do corpo de profesores de ensino secundario, titular da especialidade.
 - Persoal docente, funcionario de carreira, do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, titular da especialidade.
 - Persoal docente, funcionario en prácticas ou interino, do corpo de profesores de ensino secundario.
4. Que a cobertura das prazas do corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional, poderán concorrer:
 - Persoal docente, funcionario de carreira, do corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional, titular da especialidade.
 - Persoal docente, funcionario de carreira, do corpo de profesores de ensino secundario, titular da especialidade.
 - Persoal docente, funcionario de carreira, do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, titular da especialidade.
 - Persoal docente, funcionario en prácticas ou interino, do corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional.

Por último, a Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, co fin de delimitar claramente a natureza da relación que mantén o persoal funcionario interino coa Administración, da unha nova redacción ao apartado primeiro do artigo 10 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5(2015, do 30 de outubro, establecendo un límite temporal de tres anos aos nomeamentos do persoal interino.

Polo tanto, resulta oportuno clarificar en relación coa aplicación desta Lei ao persoal docente o seguinte:

1. A limitación temporal contida no artigo 10.1.a) do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, non resulta de aplicación no que atinxe á cobertura de prazas non estruturais.
2. A limitación temporal contida no artigo 10.1.a) do Texto Refundido da Lei o Estatuto Básico do Emprego Público, non resulta de aplicación con relación ao número de nomeamentos con duración por curso académico para o persoal interino.
3. O artigo 23.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, xa establece que o persoal funcionario interino docente que imparta as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou norma que a substitúa, se nomeará sempre cunha duración determinada, non excedendo a data de finalización do nomeamento ao inicio do curso académico inmediatamente seguinte.

A súa vez, é oportuno abordar unha modificación dos criterios que se teñen en conta para a elaboración do baremo aplicable ás novas convocatorias de listas de interinidades e substitucións, que permita unha maior celeridade nos nomeamentos, conforme prevé o artigo 10.2 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, segundo a redacción dada pola Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e garantir un procedemento áxil na súa selección de acordo co artigo 24.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego de Galicia.

Tendo presente a necesidade dun procedemento dotado dunha maior celeridade e axilidade, resulta necesario modificar dúas epígrafes do apartado décimo cuarto do Acordo que están, neste intre distorsionando o funcionamento do mesmo. Trátase da ampliación de estudos, bolsas de estudos e da posibilidade de non ser chamado sempre que se alegue e xustifiquen un contrato de traballo de carácter temporal, dada a modificación realizada no Estatuto dos Traballadores polo Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

Como consecuencia do exposto e para os efectos de dar cumprimento ao novo marco normativo descrito e facilitar a súa adaptación e implantación, modifícanse os seguintes apartados o Acordo do 20 de xuño de 1995.

Primeiro. O apartado primeiro queda redactado como segue:

“Primeiro. Oferta de emprego público

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades establece como obxectivo que o número de interinos dos corpos docentes que impartan as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou norma que a substitúa, sexa inferior ao 5% das prazas estruturais.

Para acadar este obxectivo, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades realizará amplas ofertas de emprego, logo de negociación na mesa sectorial docente non universitaria, no marco da normativa que sexa de aplicación.

No proceso de negociación das ofertas de emprego teranse en conta, ademais das xubilacións que se produzan e as novas necesidades derivadas das políticas educativas, os resultados producidos no relativo ao acceso do persoal interino docente á condición de funcionario de carreira, non desenvolvemento dos concursos-oposicións inmediatamente anteriores”.

Segundo. Engadese un novo punto primeiro. bis) coa seguinte redacción:

“Primeiro. bis. Nomeamento de persoal docente interino e substituto.

1. De conformidade co establecido 23.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario interino docente que imparta as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou norma que a substitúa, nomearase sempre cunha duración determinada, non excedendo a data de finalización do nomeamento o inicio do curso académico inmediatamente seguinte.
2. A limitación temporal establecida no artigo 23.2a) e a indemnización prevista no artigo 24.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, non será de aplicación aos nomeamentos ou cesamentos na cobertura de prazas non estruturais.
3. A limitación temporal de 3 anos establecida na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes de redución da temporalidade no emprego público, e no artigo 23.2a) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, non resulta de aplicación con relación ao número de nomeamentos, con duración por curso académico, para o persoal interino.

Terceiro. Engadese un novo apartado primeiro. ter) coa seguinte redacción:

Primeiro. ter. *Prazas non estruturais*

Considéranse prazas non estruturais nos centros educativos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, as seguintes:

- a) As prazas ofertadas para provisión temporal con xornada reducida.
- b) As prazas que sexan cubertas mediante un nomeamento posterior ao 1 de outubro de cada curso académico.
- c) As prazas que sexan propiedade dunha persoa titular que non as desempeña temporalmente, por estar en comisión de servizos, en permiso sindical a tempo completo, en situacións administrativas distintas da de activo con reserva de praza, e outras análogas.
- d) As prazas derivadas das reducións de xornada do persoal que desempeña cargos directivos nos centros tipo A, B, e C que imparten as ensinanzas distintas da educación infantil e primaria e educación especial.
- e) As prazas temporais pertencentes ao corpo de mestres que non estean incluídas no catálogo de postos de traballo dos centros de educación infantil, educación primaria, educación infantil e primaria, educación especial e centros públicos integrados.
- f) As prazas desempeñadas en especialidades non vixentes.
- g) As prazas desempeñadas por persoal seleccionado como persoal especialista.
- h) As prazas ofertadas en centros non dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- i) As prazas que non estean previstas na planificación educativa.

Cuarto. O punto sétimo de acordo queda redacto como segue:

Sétimo. *Orde de adxudicación das especialidades dos corpos*

A orde de adxudicación dos corpos será a seguinte:

Mestres.

Profesores de escolas oficiais de idiomas.

Profesores de artes plásticas e deseño.

Mestres de taller de artes plásticas e deseño.

Profesores de ensino secundario

Profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional.

Catedráticos de música e artes escénicas.

Profesores de música e artes escénicas.

Profesorado de relixión de primaria.

Profesorado de relixión de secundaria.

Dentro de cada corpo a adxudicación será realizada por orde de código das especialidades.

Quinto. O punto décimo do acordo queda redactado como segue:

“Décimo. Convocatorias de listas de interinidades e substitucións

Se unha vez realizado chamamento a todas as persoas que constan nas relacións mencionadas no punto segundo continuase resultando necesario cubrir necesidades de profesorado, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, logo de comunicación ás organizacións sindicais con presenza na mesa sectorial e as organizacións asinantes deste acordo, procederá a abrir un prazo de solicitudes, aplicándose como baremo a nota media da titulación exixida para cada especialidade para a incorporación ás listas de interinidades e substitucións.

Sexto. O punto décimo cuarto do acordo queda redactado como segue:

“Décimo cuarto. Renuncias

1. O persoal docente interino e substituto terá dereito a non aceptar as interinidades ou substitucións que se lle ofrezan, sen perder o número de orde da lista correspondente, por un período mínimo dun curso académico ou polo que reste de curso académico, desde a súa solicitude, polas seguintes causas:

- Para atender ao coidado dun fillo/a menor de seis anos, computado ao 1 de setembro de cada ano académico, tanto cando o sexa por natureza ou por adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo.
- Para atender ao coidado dun familiar que se teña ao seu cargo, ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída.
- Excepcionalmente, para atender o coidado dun familiar que se teña ao seu cargo, en segundo grao de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída, cando non existan superviventes de primeiro grao ou estean incapacitados para atender o seu coidado ou se trate de persoas conviventes:
 - Por enfermidade grave da propia persoa docente
 - Por ser vítima de violencia de xénero ou de violencia sexual ou violencia terrorista.
 - Por calquera das circunstancias que permiten ao persoal funcionario público a concesión de servizos especiais.
 - A renuncia deberá formularse no prazo establecido na orde que regula a adxudicación de destinos provisionais ou, en todo caso, no prazo de reclamacións e renuncias á adxudicación provisional de destinos para o curso académico que proceda, agás que teña a súa orixe nunha causa sobrevida con posterioridade ou chamamento por primeira vez.

2. O persoal docente interino e substituto poderá solicitar non ser chamado para as prazas que puidesen corresponderlle por un período máximo e improrrogable de tres cursos académicos, que non terán que ser necesariamente consecutivos, sempre que alegue e xustifique ter un contrato de traballo ou prestar servizos noutro posto do sector público.

Non será posible efectuar esta opción unha vez producido o nomeamento de persoal interino ou substituto, agás causa sobrevida ao nomeamento.

3. O persoal docente interino e substituto poderá solicitar non ser chamado para as prazas que puidesen corresponderlle sempre que alegue e xustifique estar impartindo curso de formación relacionados coa lingua galega impartidos pola Secretaria Xeral de Política Lingüística.
4. O persoal ao que se fai referencia neste punto décimo cuarto poderá optar, durante os períodos máximo e mínimo previstos nel, por realizar substitucións en concellos

determinados. A opción deberá efectuarse na páxina www.edu.xunta.gal/substitutos e a solicitude xunto coa documentación xustificativa deberán presentarse empregando o modelo normalizado de solicitude xenérica PR004 dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/solicitude-xenerica>, ou procedemento que para estes efectos sinala a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no prazo comprendido entre os días 15 de xuño ao 15 de xullo do ano correspondente. Será obrigatorio incluír na petición concellos en que se impartan materias ou áreas ou módulos profesionais atribuídos á especialidade correspondente. Esta opción será por todo o curso académico.

5. Excepcionalmente, as persoas que se acolleron a realizar substitucións en concellos determinados poderán optar por non prestar servizos durante todo o curso académico sempre que sexa con anterioridade á toma de posesión do seu primeiro nomeamento nese curso.

Sétimo. O primeiro parágrafo do punto vixésimo primeiro queda redactado como segue:

Vixésimo primeiro. Chamamentos

Realizada a adxudicación definitiva de destinos provisionais, os chamamentos para realizar substitucións e, no seu caso, interinidades, efectuarase telefonicamente de acordo coa orde de prelación, segundo os datos de contacto das persoas interesadas que consten nesta consellería no seu expediente administrativo persoal (no enderezo <https://www.edu.xunta.gal/datospersoais>)

Para estes efectos, o persoal docente interino e substituto deberá verificar e/ou actualizar, de ser o caso, os seus datos de contacto telefónico, de tal xeito que será responsabilidade exclusiva de cada persoa os erros que se deriven do estado destes datos e vinculará tanto a Administración como ás persoas interesadas.

Oitavo. Engádesse o punto vixésimo terceiro coa seguinte redacción:

Vixésimo terceiro. *Formación inicial para os novos docentes*

Cando sexa nomeado por primeira vez, o persoal docente interino e substituto deberá realizar, en rede, un curso de formación inicial para novos docentes, de 30 horas de duración, que incluírá formación en prevención de riscos laborais.

Noveno. Engádesse a disposición adicional terceira coa seguinte redacción:

“Disposición adicional terceira. *Listaxes das especialidades do extinguido corpo de profesores técnicos de formación profesional.*

1. O persoal que forma parte das listas dunha das 19 especialidades do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, que se integraron no corpo de profesores de ensino secundario, pasan a formar parte das novas listas do corpo de profesores de ensino secundario, da mesma especialidade, e na mesma orde de chamamento na que se estaban no corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional.
2. O persoal que forma parte das listas dunha das 10 especialidades do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, que se integraron no novo corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional, pasan a formar parte das novas listas do corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, na mesma especialidade, e na mesma orde de chamamento na que estaban no corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional.
3. Estas novas listaxes resultarán de aplicación para os nomeamentos que teñan efectividade a partir do 1 de setembro de 2023, este incluído.

Décimo. Engádese a disposición adicional cuarta coa seguinte redacción:

Disposición adicional cuarta. *Provisión das necesidades de profesorado das 19 especialidades procedentes do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, integradas no corpo de profesores de ensino secundario.*

As necesidades de profesorado das 19 especialidades do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, integradas no corpo de profesores de ensino secundario, poderán ser cubertas por:

- Persoal docente, funcionario de carreira, do corpo de profesores de ensino secundario, titular da especialidade.
- Persoal docente, funcionario de carreira, do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, titular da especialidade.
- Persoal docente, funcionario en prácticas ou interino, do corpo de profesores de ensino secundario.
-

Décimo primeiro. Engádesse a disposición adicional quinta coa seguinte redacción:

Disposición adicional quinta. *Provisión das necesidades de profesorado das 10 especialidades procedentes do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, integradas no corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional.*

As necesidades de profesorado das 10 especialidades do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, integradas no corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional, poderán ser cubertas por:

- Persoal docente, funcionario de carreira, do corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional, titular da especialidade.
- Persoal docente, funcionario de carreira, do corpo de profesores de ensino secundario, titular da especialidade.
- Persoal docente, funcionario de carreira, do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, titular da especialidade.
- Persoal docente, funcionario en prácticas ou interino, do corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional.

Décimo primeiro. Engádesse a disposición adicional sexta coa seguinte redacción:

Disposición adicional sexta. *Mantemento da mesma persoa substituta*

Cando o desempeño dunha substitución se interrompa pola incorporación da persoa titular coincidindo cos períodos nos lectivos de nadal e semana santa, de producirse a mesma necesidade de cobertura da substitución no reinicio do período lectivo, poderase nomear a mesma persoa que viña desempeñando a praza, a proposta da dirección do centro, e a conformidade da persoa interesada.

Disposición final. *Autorización para publicar no Diario Oficial de Galicia un texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995.*

Para unha mellor comprensión do texto, autorízase á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a publicar no Diario Oficial de Galicia, un texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 vixente.

